

Canastros 47 - 48

030123

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206201
Coord. UTM:	X: 59418300 Y: 465233100
Concello:	Porqueira
Parroquia:	SAN LORENZO DE ABELEDA
Lugar:	San Lourenzo
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación: Canastros 47 - 48

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Nunha praza do medio do pobo atópase esta parella de canastros, un deles mixto e o outro de madeira. O de madeira está composto por seis esteos e outros tantos tornarratos con forma de roda. A cámara péchase nos lados penais mediante dous lenzos de doeles dispostas en vertical. As doelas están unidas entre sí a través de faixas e debaixo delas, uns balaustres cravados en diagonal reforzan a unión entre as doelas. Neste caso a porta de entrada ó corpo do canastro non se atopa nun dos lados penais, senon nunha beira dun lado costal. Cuberta a dúas augas de tella curva, faltando xa varios tramos de tella. O hórreo mixto consta de tres parellas de pés, tendo man cada parella dunha mesa de pedra rectangular. Algúns dos esteos están revestidos en parte de cemento. A cámara ten a estrutura de pedra, cerrándose nos lados costais mediante dous paneis de balaustres dispostos en vertical e atravesados por cintas. Nun dos lados penais atópase unha ampla porta de acceso ó corpo do canastro, porta que está composta por dúas follas, a da dereita de maior envergadura cá da esquerda. Para subir ata a porta emprégase unha escaleira fixa de perpiaños. Nos lados penais, enriba dos pinches coróanse as paredes mediante topetes. Cuberta a dúas augas con tella curva. Na mesma praza, entre estes dous hórreos inda se conservan restos doutro, son visibles catro esteos e dúas mesas de pedra.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros
Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC
Proposta de tipo de ben:
Estado de Tramitación: Declarado
Nivel de Protección Arq.: Integral
Proposta Nivel de Protección Arq.
Grao de Protección Arq.: ----
Proposta Grao de Protección Arq.: ----
Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.
Titularidade
Polígono:
Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular
Uso Actual: Sen uso
Alteracións Morfolóxicas
Tipo:
Data:
Descrición:
Proxecto:
Axentes:
Observacións: O canastro de madeira atópase nun mal estado de conservación, á contra có mixto que se conserva en estado óptimo.

Bens Mobles





